

*PUBLICADA A ORDE DE CONCESIÓN DE indemnizacións polo sacrificio obrigatorio de animais en execución de programas e actuacións oficiais de vixilancia, loita, control e erradicación das súas enfermidades, e se convocan para o ano 2019.*

O obxecto desta orde é establecer as bases reguladoras para a concesión de indemnizacións **polo sacrificio obrigatorio ou morte de animais, ou pola destrución de produtos, no marco de programas ou actuacións oficiais de vixilancia, loita, control ou erradicación de enfermidades animais**, e pola morte de animais no contexto das medidas de execución de actuacións sanitarias oficiais impostas pola autoridade competente, ou como consecuencia directa de tratamentos, manipulacións preventivas ou con fins de diagnóstico, así como nos demais supostos recollidos na Lei 8/2003, de sanidade animal, e convocalas para o ano 2019.

#### **BENEFICIARIOS:**

a) De animais que se sacrifiquen ou morran por resultaren reaccionantes ás probas **diagnósticas de tuberculose, brucelose, leucose e lingua azul no gando vacún, ovino e cabrún**, ou por ter convivido con animais enfermos e que sexan considerados sospeitosos polos veterinarios actuantes.

b) De animais e os seus produtos de calquera especie, sacrificados/mortos e/ou destruídos por motivos de sospeita e/ou confirmación da presenza dalgunha das encefalopatías esponxiformes transmisibles.

c) De aves reprodutoras ou poñedoras da especie *Gallus gallus* e reprodutoras da especie *Meleagris gallopavo*, sacrificadas por orde da autoridade competente dentro dos programas nacionais de control de salmonela.

d) De aves sacrificadas por mor da declaración oficial dun foco de influenza aviaria ou de enfermidade de Newcastle.

e) De porcos sacrificados/mortos por mor da declaración oficial dun foco de peste porcina clásica ou de peste porcina africana.

#### **PROCEDEMENTO: MR553C**

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=MR553C>

**PRAZO ATA 29/11/2019**

**Vilalba 07/01/2018**